

Comentario filolóxico dun texto da Idade Media

Xoán López Viñas



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
 illia Grupo de Investigación
Lingüística e Literaria Galega

6 de maio de 2017



O comentario filolóxico: obxectivos

Comentario filolóxico

- Análise dos trazos lingüísticos (gráfico-fónicos, morfosintácticos e léxico-semánticos) dun texto que nos permiten **datalo** e identificalo do modo máis aproximado posíbel nunha determinada **sincronía** [galego medieval, medio ou contemporáneo] en **comparanza** cos **diferentes cortes sincrónicos** (= **diacronía**).

Comentario filolóxico dun texto da IM

- Análise lingüística diacrónica dun texto medieval que permita datalo e identificalo nun estadio de lingua diferenciado do latín e do galego e portugués modernos.

Tempo de realización (oposicións)

- 1 hora aprox.



O comentario filolóxico: vantaxes



- Corpus fechado
- Análise lingüística sistemática ➔ Automatización do comentario
 - Coñecemento xeneralizado das propiedades das categorías gramaticais
- Perda do medo ➔ Valoración da importancia no ensino e no estudio da lingua galega:
 - Explicación de regras **ortográficas** actuais (*b/v; h/ø...*)
 - Exención de **erros** na explicación sincrónica de fenómenos gramaticais (*amizade < AMICITATE*) + depuración de castelanismos (*expurgat = RAG*)
 - Comprensión correcta da **literatura medieval** (3.º ESO)
 - Ligazón recíproca co **portugués** (medieval > + portugués; portugués > + medieval)


O comentario filolóxico: desvantaxes



- Coñecemento do galego-portugués medieval ⇒ corpus
- Coñecemento de étimos + usos *scribendi* (ia = ía / ja~xa)
- Duración excesiva na análise e na elaboración (plano fónico-gráfico = + longo; léxico-semántico + breve) ⇒ + práctica

Material de apoio básico

- Gramática histórica galega



Corpus textual

1. *Cantigas de amor, amigo, escarnho e maldizer*)
2. *Cantigas de Santa Maria*
3. *Crónica Troiana*
4. *Historia Troiana*
5. *Livro de Tristan*
6. *Miragres de Santiago*
7. *Crónica Xeral e Crónica de Castela* (ou *Crónica Xeral Galega*)
8. *General Estoria*
9. *Crónica [Galega] de 1404*
10. *Crónica de Santa María de Iria*



Corpus textual

11. *Cantigas de amor, amigo, escarnho e maldizer*)
12. *Partidas*
13. *Foros de Castelo Rodrigo*
14. *Foro Real*
15. *Flores de Dereito*
16. *Foro Xuzgo*
17. *Ordenamento de Alcalá de 1348*
18. *Tratado de Albeitaria*
19. *Estoria do Santo Graal (= Libro de Xosé de Arimatea)*
20. *Livro de Merlin*
21. *A Demanda do Santo Graal*



Corpus textual

22. *Boosco Deleitoso*

23. *Historia de Barlaam e Josaphat*

24. *A Visión de Túngalo/Túndalo*

25. *Flos Sanctorum*

26. *Livros de linhagens*

27. *Crónica do mouro Rasis e Crónica Geral de 1344*

28. Prosa notarial



Consideracións iniciais

1. Numeración das liñas
2. Citación das liñas
3. Indicación dos **étimos correctos** ou das terminacións
4. Análise exclusiva dos fenómenos que aparecen no texto (excepto das parellas opositivas) ≠ texto como pretexto
5. Relación **lingua-texto**
6. **Boa redacción** (sintaxe!), **calidade lingüística** (duplicidades normativas, precisión léxico-semántica, infinitivo conclusivo e xerundio de posterioridade...) e sinonimia (conectores)



Estrutura xeral do comentario

1. Introdución
2. Planos ou niveis lingüísticos
 1. Plano fónico-gráfico
 2. Plano morfosintáctico
 3. Plano léxico-semántico
3. Conclusión



É importante acabar o comentario!



Texto oposicións 2006

Et, en quanto el rrey tijna çercada a vila, acaeceu húa cousa, que hûu romeu de Greçia vijna a Sâtiago en rromaria, [et] dizi[álle] Ostiano. Eterá bispo, que auia leixado seu bispado por seruir *myas compliadamente* a Deus. Et, estando ena igleia de Sâtiago que fazêdo sua vegia, cõ grâde deuoçõ, oyu dizeraos rromeus et aos da vila que Sâtiago que pareçia ênas fazendas en ajuda dos cristãos contra os mouros. Et elle, quando o oyu, pesoulle muyto e disso:

—Amigos, nô lle chamedes caualeyro, senon pastor.

Et elle teendo esta perfia, prougue a Deus que se adormeceu et apareçeuille San // tiago cõ hûas chaues êna mão, et dissolle cõ muy alegre contenente:

—Ostiano, tu te(u)es por escarno por que me chamam caualeyro et dizes que o nô soo. Et por ende vengo agora a ti mostarcheme, por tal que nûca ia *mayas* dudes en mjna caualaria, ca sabas que sôo caualeyro de Jhesu *Cristo* et ajudador dos cristãos *con(n)*tra os mouros.



Introdución

1. Resumo do fragmento → comprensión do texto
2. Avance da sincronía do texto → galego-portugués medieval
(características que analizaremos a seguir)



Plano fónico-gráfico

VOCALISMO

- Vocalismo tónico oral
- Vocalismo nasal
- Ditongos
- Hiatos
- Vocalismo átono
 - Outros aspectos gráficos

CONSONANTISMO


- Lenición
- Bilabiais
- Sibilantes
- Palatais



Plano fónico-gráfico: vocalismo

- **Vocalismo tónico**

- 7 elementos vocálicos galego-portugueses < 10 latinos



Manuel Ferreiro (1999): *Gramática histórica galega*, 29.

- Cantidad → Timbre
- Diferenciación na serie media. Exs.:
 - *el* [1] < ĪLLE /e/ □ *era* [2] < ĪRAT /ɛ/
 - *pastor* [7] < PASTŌREM /o/ □ *oyu* [6] < AUDĪVĪT /ɔ/
 - /a/, /í/, /u/

Plano fónico-gráfico: vocalismo

Vogais nasais

- Proceden da caída dun -N- intervocálico latino: *mão* [9] < MANUM
- Outros tiles de nasalidade = vogal trabada por nasal implosiva: *nō* [11] = *non*
- Desnasalización: *soo* [11] < *sõo* [12] < *SONO < SŪM

Ditongos

- Latinos: AU, AE, OE
- Romances: profusión (decrecientes) < caída de consoantes, vocalizóns, metáteses...
- Ditongos *-oi-/ui-/ou-* < *-ÜLT-, -ÜCT-, -UCT-, -OCT-, -ORI-, -ORI-, -ÜRI-*
- Exs.: *quanto* [1], *rrey* [1], *acaeceu* [1], *cousa* [1], *leixado* [3], *muyto* [6] / *muy* [9]...



Plano fónico-gráfico: vocalismo

Hiatos

- Proceden da caída dunha consoante intervocálica, dunha aglutinación, dun hiato latino...
- Evolución dos hiatos:
 - -aa-> -a-; -ae- > e / ai; -ao- > -oo- > -o- / -ou-...
 - -ee- > -e- / -ie-; -ea-/ -eo- > -ea-/ -eo-, -ia-/ -io-, -e-/ -a-, -eia-/ -eio-; -eí- > -ií- > -í-...
 - -oo- > -o-/ -ou-; -oa- > -oa- / -o- / -ua-; -oe- > -oe- / -oi- / -o-...
- Exs.: *tijna* [1], *vijna* [2], *rromaria* [2], *vegia* [4], *aos* [5], *teendo* [8]...
→ explicación



Plano fónico-gráfico: vocalismo

Vocalismo átono

- Menor forza articulatoria
- Vogais iniciais, pretónicas internas, postónicas e finais
- Fenómenos de alteración vocálica:

	Inicio	Medio		Fin
Subtracción	Aférese	Síncope		Apócope
Adición	Prótese	Epéntese	Anaptixe	Paragoxe
Modificación	Asimilación e disimilación			


- Exs.: *el* [1] < *ele* < ŸLLE (apócope); *bispo* [2] < EPISCÓPUM (aférese + síncope)...



Plano fónico-gráfico: consonantismo

Evolución do consonantismo


© Xoán López Viñas | 2017



Plano fónico-gráfico: consonantismo


Lenición

- Simplificación de xeminadas: *vila* [1] < VILLAM
- Sonorización de xordas: *agora* [11] < HAC HORA
- Desaparición de sonoras: *rrey* [1] < REGEM



Plano fónico-gráfico: consonantismo

Lenición





Plano fónico-gráfico: consonantismo

Bilabiais

- Dous fonemas consonánticos bilabiais:

/b/ “b” □ /β/ “v, u”

- Betacismo: /b/ = [b]:[β]




© Xoán López Viñas

Plano fónico-gráfico: consonantismo

Sibilantes

- Evolución do sistema de sibilantes: observación do estadio lingüístico



Plano fónico-gráfico: consonantismo

Sibilantes

- /ts/ (*deuoçõ* [4] < DEVOTIŌNEM) : /dz/ (*dizer* [4] < DĪCĒRE)
- /ʂ/ (*disso* [6] < DĪXĪT) : /ʐ/ (*cousa* [1] < CAUSAM)
- /ʃ/ (*leixado* [4] < LAXATU) : /ʒ/ (*ajuda* [4] < ajudar < ADIUTĀRE)
- /tʂ/ (*chaues* [9] < CLAVES)



Plano fónico-gráfico: consonantismo

Palatais

- /ʎ/ <ll, lh, li, lj, l>
- /ɲ/ <nn, nh, ni, nj, n>



Plano fónico-gráfico: aspectos gráficos

Aspectos gráficos

- Polimorfismo gráfico:
 - $\langle i, j, \gamma \rangle = /i/$: *rrey* [1], *tijna* [1]...
 - $\langle v, u \rangle = /u/ + /β/$: *quanto* [1], *auia* [3], *vijna* [2]...
 - ...
- Grafía inicial *rr-*: *rromaria* [2] /vs./ *romeu* [2]
- Presenza/ausencia de $\langle h \rangle$: *avia*, *hūu*...
- Tíes de nasalidade (+ acentos circunflexos), acentos agudos...



Plano morfosintáctico

- Nomes
- Pronomes persoais
- Artigos
- Pronomes demostrativos
- Pronomes posesivos
- Pronomes indefinidos e numerais
- Verbos
- Adverbios
- Sintaxe (+ preposicións, conxuncións e relativos)



Plano morfosintáctico

Nomes

- **Acusativo** como caso universal
 - Nomes procedentes doutros casos: nominativo (*Deus* [2]), xenitivo...
- **Xénero**
 - Masculinos, femininos: *rrey, vila, romeu, bispo, mão...*
 - Desaparición do neutro
- **Número**
 - Formación do plural: *-s/-es; -aes < -ales; -aos (cristãos) /-ãs; -ães; -ões...*
- **Graos do adxectivo**
 - Comparativo, superlativo



Plano morfosintáctico

Pronomes persoais

- **Formas tónicas:**

- *eu* < EGO; *tu* [10] < TŪ; *ele/el* [8/11] < ŽILLE, *ela* < ŽILLA
- *nos* /ɔ/ < NŌS; *vos* /ɔ/ < VŌS, *eles, elas*
- *mi/mī/min* < MŽHĪ; *ti* [11] < TŽBĪ; *si* < SŽBĪ, *el/ela* (arc. *elo* < ŽILLUD)
- *(co)migo* < CUM+MECUM, *(con)tigo* < CUM+TECUM, *(con)sigo* < CUM+SECUM,
(con)nosco < CUM+NOBISCUM, *(con)vosco* < CUM+VOBISCUM



Plano morfosintáctico

Pronomes persoais

- **Formas átonas:**
 - **Funcións:** CD, CI...
 - *me/mi* [10] < MĒ; *te/ti* < TĒ; *se/si* [8] ~ *xe/xi* < SĒ; *nos* < NŌS; *vos* < VŌS
 - *o/a, os/as* [6] ~ *lo/la, los/las* < ŸLLUM...
 - *che* [11] < TĒ, *lle/lles* [6] < ŸLLÍ/ ŸLLIS
 - **Contraccións:** *llo, mo...*



Plano morfosintáctico

Artigos

- **Artigo definido:** *o/a, os/as* [6/1]
 - **Artigo definido arcaico:** *lo/la, los/las*
 - **Forma diverxente:** *el (el rrey* [1])
 - **Contraccións:** *do/da* [5], *dos/das* [5]; *co/coa/cos/coas* ~ *con o/a, con os/as...*
 - **Aglutinacións:** *ao/a, aos/as; eno/a* [4], *enos/as* [5]
-
- **Artigo indefinido:** *ūu/ū/un* [1] < ŪNUM; *ūa* [1] < ŪNAM; *ūus/ūs/uns, ūas*
 - **Contraccións:** *de un/unha/uns/unhas; con un/unha/uns/unhas* [9]...



Plano morfosintáctico

Pronomes demostrativos

- Paradigma latino -----→ galego

HIC, HAEC, HOC	→ Ø
ISTE, ISTA, ISTUD	→ este, esta, isto
ILLE, ILLA, ILLUD	→ aquél, aqu[É]la, aquilo
IS, EA, ID	→ Ø
IDEM, EADEM, IDEM	→ Ø
IPSE, IPSA, IPSUD	→ ese, esa, iso

Manuel Ferreiro (1999):
Gramática histórica galega, 260.

- **Formas variáveis:** *este/a/es/as* [8]; *ese/a/es/as*; *aquel(e)/a/es/as*
- **Formas invariáveis:** *esto, eso, aquello*



Plano morfosintáctico

Pronomes posesivos

- **Paradigma latino:**

	<i>Un posuidor</i>	<i>Varios posuidores</i>
1 ^a p.	MEUS, -A, -UM	NOSTER, -A, -UM
2 ^a p.	TUUS, -A, -UM	VESTER, -A, -UM
3 ^a p.	SUUS, -A, -UM	SUUS, -A, -UM

Manuel Ferreiro (1999):
Gramática histórica galega, 263.

- **P1:** *meu/s* [3], *mia/s*>*mĩa/s*>*minha/s* [12]; *nostro/a/os/as*, *noso/a/os/as*
- **P2:** *teu/s*, *túa/s*; *voso/a/os/as*
- **P3:** *seu/s*, *súa/s*
- **Formas átonas:** *ma/ta/sa*
- Articulación co posesivo



Plano morfosintáctico

Pronomes indefinidos (identificadores e cuantificadores)

- Mantimento, desaparición, creación medieval
 - **Identificadores:**
 - **Variábeis:** *certo/a/os/as, mesmo/a/os/as, propio/a/os/as, outro/a/os/as; tal/tales* [10]
 - **Invariábeis:** *calquera, demais*
 - **Cuantificadores:**
 - **Variábeis:** *algún/s, algunha/s, nē un/s ~ nēgun, nī un ~ nīgun; outro/a/os/as, todo/a/os/as; ambos/as, moito/a/os/as, pouco/a/os/as...*
 - **Invariábeis:** *al, algo, alguien, cada, nemigalha, ninguen, nulho, outren, ren/nada...*



Plano morfosintáctico

Pronomes indefinidos (identificadores e cuantificadores) e numerais

- Mantemento, desaparición, creación medieval

- **Identificadores:**

- **Variábeis:** *certo/a/os/as, mesmo/a/os/as, propio/a/os/as, outro/a/os/as; tal/tales* [10]
 - **Invariábeis:** *calquera, demais*

- **Cuantificadores:**

- **Variábeis:** *algún/s, algunha/s, nē un/s ~ nēgun, nī un ~ nīgun; outro/a/os/as, todo/a/os/as; ambos/as, moito/a/os/as, pouco/a/os/as...*
 - **Invariábeis:** *al, algo, alguien, cada, nemigalha, ninguen, nulho, outren, ren/nada...*

- **Numerais:**

- Formas latinas e latino-vulgares



Plano morfosintáctico

Verbos

- **Conxugacións:** 4 latinas > 3 romances
- **Tempos verbais:**
 - Explicación de formas semirregulares e irregulares, radicais e desinencias
 - **Presente** (*tees, vengo, chaman, sabas, dizes, sōo...*), **copretérito** (*vijna, dizi[älle]*)
 - **Pretéritos fracos e fortes** (*pesoulle, oyu, prougue, disso...*)
 - **Futuro e pospretérito do indicativo:** creación romance {infinitivo + formas reducidas verbo HABERE}
 - **Futuro do subxuntivo** < mestura de dous tempos verbais
 - **Infinitivo persoal e participio**
- **Perífrases verbais (+ pasiva):** *tijna cercada, vengo a mostrarcheme*



Plano morfosintáctico

Adverbios

- Restos do ablativo: *agora, logo...*
- Clasificación semántica:
 - Cantidad: *mays* [3] < MAGIS; *muyto/muy* [6/9] < MULTUM
 - Modo: *complidamente* [3] < complida + mente
 - Negación: *nō* [7] < NON; *nūca* [11] < NUMQUAM; *ia mays* [11-12] < IAM MAGIS

Sintaxe

- Arcaica
- Nexos *et/e + que*
- Oracións condicionais, comparativas, consecutivas...
- Cláusulas de relativo, completivas e adverbiais



Plano léxico-semántico

- **Orixe do léxico**
 - Léxico latino
 - Léxico procedente doutras linguas (a través do latín): grego (*Grečia* [2]), árabe, hebreo (*Sātiago* [5]), xermánico, occitano, castelán (*dudes* [12])...
- **Evolucións das palabras:** cultas, semicultas, patrimoniais
- **Análise semántica dos substantivos:** concretos-abstractos, comúns- propios...
- **Formación de palabras:** orixe latina / formación romance; palabras prefixadas, sufixadas, parasintéticas e regresivas



Conclusión

1. Recompilación dos fenómenos lingüísticos que caracterizan o presente texto que fomos mencionado
2. Posíbel datación + localización da obra



MOITAS GRAZAS!

Xoán López Viñas

